

Resolución do 01 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas para participar nas probas de avaliación en competencias clave para acceder á formación dos certificados profesionais dos niveis 2 e 3 de cualificación

Por Resolución do 11 de decembro de 2023, da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, convocáronse probas de avaliación en competencias clave para acceder á formación dos certificados profesionais dos niveis 2 e 3 de cualificación (Diario Oficial de Galicia núm. 10 do 15 de xaneiro).

Por Resolución do 18 de marzo de 2024, da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas para participar nas probas de avaliación en competencias clave para acceder á formación dos certificados profesionais dos niveis 2 e 3 de cualificación, publicándose o 19 de marzo do 2024 na páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade <https://empregoigualdade.xunta.gal/formacion/competencias-clave>

Logo de rematado o prazo para presentar reclamacións e revisadas as presentadas polas persoas interesadas, procede, de acordo do disposto no artigo 9 da resolución de convocatoria, aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e publicar na páxina web esta información.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas (anexo I) e de persoas excluídas (anexo II) para participar nas probas de avaliación en competencias clave para acceder á formación dos certificados profesionais dos niveis 2 e 3 de cualificación.

Segundo. Publicar na páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade <https://empregoigualdade.xunta.gal/formacion/competencias-clave> a dita relación definitiva de persoas admitidas e excluídas indicadas no apartado anterior.

De acordo co disposto no artigo 9.5 da resolución do 11 de decembro de 2023, contra a relación definitiva de persoas solicitantes admitidas e excluídas poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ante a persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
A directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación
Zeltia Lado Lago

